

APOIO A INICIATIVAS DE EMPRENDEMENTO [2026]

Apoios para facilitar as iniciativas de emprendemento, contribuíndo ao incremento da súa actividade económica e a súa competitividade, e mantendo empregos de calidade



Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias as **persoas traballadoras autónomas, mutualistas, pequenas e medianas empresas ou sociedades cooperativas e laborais** que cumpran, entre outros, os seguintes requisitos:

- » Ter **domicilio fiscal en Galicia**.
- » Estar **constituídas/dadas de alta e ter iniciado a súa actividade económica** no período que transcorre **entre o 1 de xaneiro de 2024 ata a data de presentación da solicitude**.
- » **Ter presentado**, segundo corresponda, **as contas anuais do último ano** no Rexistro Mercantil ou no Rexistro de Cooperativas.
- » **Non obtivesen resolución favorable** na convocatoria desta axuda nos anos 2023, 2024 ou 2025.

Conceptos subvencionables

Os **investimentos en propiedade xa realizados e pagados** entre o **1 de xullo de 2025 e a data de solicitude**, vinculados de xeito indubidable ao proxecto empresarial, nos seguintes conceptos:

- » **Equipamento informático**.
- » **Activos intanxibles** (sen materialización física ou financeira).
- » **Investimentos en eficiencia enerxética**.
- » **Adquisición de bens de equipamento e mobiliario**.
- » **Reforma e habilitación das instalacións** do local de negocio.
- » **Adquisición de activos pertencentes a un establecemento ou bens de equipo de 2ª man**, sempre que:

1. Os activos se adquiren a unha persoa **non relacionada** coa persoa compradora*.
2. Consta declaración da persoa vendedora sobre a **orixe dos activos** e de que **non foron obxecto de ningunha subvención** nacional ou comunitaria.
3. **Se acredita** por taxador/a independente ou por empresa subministradora de bens da mesma tipoloxía que o **prezo de compra non é superior ao valor de mercado**.

* Non aplica se a persoa emprendedora que continúa coa empresa é membro da familia da persoa propietaria inicial, ou unha empregada que se faga cargo da empresa para continuar a actividade.

- » **Gastos notariais e/ou rexistrals**.
- » **Gastos de alugamento de inmoables** para a realización da actividade para a que se solicita subvención.

APOIO A INICIATIVAS DE EMPRENDEMENTO [2026]



Intensidade dos apoios

I. Investimentos

De 5.000 € a 20.000 €

55 %
do investimento

De 20.001 € a 30.000 €

50 %
do investimento

De 30.001 € a 60.000 €

45 %
do investimento



10 %
se evita peche
do negocio

Acceso á ficha da
sede electrónica



[Pulsa ou escanea]

II. Gastos notariais, rexistrais e de alugamento

Gastos notariais e/ou
rexistrais

ata **300 €**

Aluguer de inmobles
para a actividade

ata **1.500 €**



10 %
se evita peche
do negocio



Criterios de valoración das solicitudes

CRITERIO	A VALORAR	PUNTOS
Actividade económica do solicitante	Solicitantes de sectores estratéxicos, emerxentes e de alto potencial de Galicia (Anexo II)	9/6/3
Poboación do municipio no que se realiza a actividade	Menor ou igual a 2.000 habitantes	12
	De 2.001 a 5.000 habitantes	9
	De 5.001 a 10.000 habitantes	6
	De 10.001 a 20.000 habitantes	3
	Máis de 20.000 habitantes	0
Proxecto nun concello emprendedor	O concello da actividade está adherido á iniciativa galega de concellos emprendedores	3
Implantación de medidas de inclusión	> 50 % mulleres	3
	> 10 % persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social	3

Puntuación
mínima
6 puntos



Puntuación
máxima
30 puntos